

## ENGLISH- 2º PRIMARIA

1º- Primeiro imos comezar escoitando unha vez máis o **Audio 1**, para que repasen o vocabulario do tema, mirando ao mesmo tempo o recadro cos debuxos das rutinas da páxina 48.

2º- Na páxina 54 van a fixarse noutro vocabulario que sempre complementa o que aprenderon na unidade:

**Wake up** – espertarse

**Have breakfast** – almorzar

**Do gymnastics**- facer ximnasia

**Do homework** – facer os deberes

**Have dinner** – cear

**Go to bed** – ir á cama

Como vedes son nomes de rutinas que fan diariamente. Este vocabulario non é para memorizalo como o básico da unidade, pero seguramente algúns nenos/as se “quedarán” cos nomes e lles irán “soando” de cara ao vindeiro curso.

3º- Escoitan o **Audio 2** que corresponde ao exercicio 2 da páxina 54, onde se lles presentan as rutinas diarias. Coma sempre, poñédello varias veces e que vaia sinalando as imaxes ao oír o nome de cada unha e que repitan despois de escoitar cada nome.

4º- No **Audio 3** volven escoitar os nomes das rutinas pero do seguinte xeito:

**Every day** I wake up – **cada día** eu espértome

**Every day** I have breakfast... - **cada día** eu almorzo .... E así sucesivamente.

5º- Para facer o exercicio 3 desa mesma páxina, escoitan o **Audio 4**. Vanlles falando de cada rutina e os nenos/as teñen que numerar en que orde fala de cada unha delas. **Esta sería a solución correcta:**



6º- No exercicio 1 da páxina 55 teñen que fixarse como se escriben os nomes desas rutinas, miran para o exercicio 2 da páxina anterior (54) e cópianos.

7º- Para facer o exercicio 2 desa mesma páxina teñen que escoitar o **Audio 5**. Tres nenos falan das súas rutinas diarias. Completan o perfil de cada un:

**Esta sería a solución correcta:**

The image shows three student profiles with handwritten answers and callouts:

- Running hero (Oliver):**
  - Age: 11
  - Before school: I wake up at 7:30. I have my homework.
  - After school: I do my homework.
- Tennis hero (Rebecca):**
  - Age: 10
  - Before school: I have breakfast.
  - After school: I play tennis. I go to bed.
- Swimming hero (Liam):**
  - Age: 9
  - Before school: I do gymnastics.
  - After school: I swim 5km. I have dinner.

8º- No exercicio 3 da páxina 55, completan esa pequena nota co seu perfil:

The image shows a profile creation form with callouts explaining each field:

- Name:** Escriben o seu nome
- Age:** Escriben a súa idade
- Favourite sport:** Escriben o seu deporte favorito
- Before school:** Escriben unha rutina que fan antes de ir ao colexio
- After school:** Escriben unha rutina que fan despois de vir do colexio
- Draw:** Fan un debuxo de sí mesmos

9º- Na páxina 56 pegan as pegatinas que veñen ao final do libro, as correspondentes ao tema 5. Para pegalas teñen que fixarse que van en orde alfabético.

**Solución:** go rollerblading, go shopping, go swimming, learn French, play tennis, see friends, walk the dog, watch a film.

A continuación teñen que escribir os nomes das actividades (na parte de arriba desa páxina teñen os nomes para copiar).

10º – No exercicio 2 desa mesma páxina completan co nome da actividade e o día da semana que a realizan os nenos/as das imaxes:

**A solución sería:**

2- **watch a film**

3- **I walk the dog on Friday**

4- **I play tennis on Saturday**

(recordar aos nenos que **“I”** lese (ai) e significa **“Eu”** en inglés).

**Na páxina web veredes:**

- Primeiro esta folla coas indicacións
- Vídeos de repaso da unidade
- Outra folla con indicacións para facer unha actividade pendente relacionada co conto “I love my White shoes” de Pete, the cat.
- Un pequeno vídeo demostrativo da actividade anterior.

Unha vez máis indicarvos que fagades o que podades, cada un na medida das vosas posibilidades, os nenos e nenas están aínda en segundo e teñen moito tempo para aprender e seguir avanzando en inglés.

Grazas a tod@s polo voso esforzo. Saúdos a tod@s, Marisol.